

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

- 10026** *Real decreto 424/2021, do 15 de xuño, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, e o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

I

Este real decreto introduce modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, e no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Este real decreto consta de tres artigos e catro disposicións derradeiras.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a elaboración deste real decreto efectuouse de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Así, cúmprense os principios de necesidade e eficacia, por canto é necesaria a aprobación dun real decreto, dado que os cambios que se introducen en diversas normas do ordenamento, ao teren rango regulamentario, precisan da súa incorporación a este a través dunha norma de igual rango.

Cúmprense tamén o principio de proporcionalidade, por canto se observou de forma exclusiva o modo de atender os obxectivos estritamente exixidos.

Respecto ao principio de seguridade xurídica, garantiuse a coherencia do texto co resto do ordenamento xurídico nacional, así como co da Unión Europea. De feito, este texto responde á necesidade de realizar o desenvolvemento regulamentario da normativa de transposición ao dereito español de determinadas normas da Unión Europea.

O principio de transparencia, sen prexuízo da súa publicación oficial no Boletín Oficial del Estado, garantiuse mediante a publicación do proxecto de real decreto, así como da súa memoria da análise de impacto normativo, na sede electrónica do Ministerio de Facenda, para os efectos de que poida ser coñecido o dito texto no trámite de audiencia e información pública por todos os cidadáns.

Por último, en relación co principio de eficiencia, procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos públicos. De feito, as medidas que incorpora a modificación do Regulamento do IVE supoñen unha importante redución das ditas cargas ao ampliar e fomentar os réximes especiais de portelo único.

Ademais, incluso algunha das medidas que se incorporan comportan unha redución destas cargas, como a xeneralización dos sistemas de portelo único. Neste sentido, as exixencias de información e documentación que se requiren dos obrigados tributarios son as estritamente imprescindibles para garantir o control da súa actividade por parte da Administración tributaria.

II

Este real decreto contén no seu artigo primeiro o desenvolvemento regulamentario das modificacións incluídas na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (en diante, IVE), polo Real decreto lei 7/2021, do 27 de abril, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de competencia, prevención do branqueo de capitais, entidades de crédito, telecomunicacións, medidas tributarias, prevención e reparación de danos ambientais, desprazamento de traballadores na prestación de servizos transnacionais e defensa dos consumidores (BOE do 28 de abril), derivadas da incorporación do dereito da Unión Europea ao ordenamento interno, en concreto, da Directiva (UE) 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigacións respecto do imposto sobre o valor engadido para as prestacións de servizos e as vendas a distancia de bens, con excepción do seu artigo 1, que foi obxecto de transposición pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e da Directiva (UE) 2019/1995 do Consello, do 21 de novembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ás disposicións relativas ás vendas a distancia de bens e a certas entregas nacionais de bens.

A incorporación destas directivas ao noso ordenamento interno conclúe a regulación do comercio electrónico no ámbito do IVE e establece as regras de tributación das entregas de bens e prestacións de servizos que, xeralmente contratados pola internet e outros medios electrónicos por consumidores finais comunitarios, son enviados ou prestados por empresarios ou profesionais desde outro Estado membro ou un país ou territorio terceiro. Estas operacións quedan suxeitas ao IVE no Estado membro de chegada da mercadoría ou de establecemento do destinatario, polo que afianzan a xeneralización do principio de tributación en destino nas operacións transfronteirizas no IVE. Por outra banda, a xestión tributaria do comercio electrónico no IVE susténtase na ampliación dos réximes especiais de portelo único, que pasan a ser o procedemento específico previsto pola lei para a xestión e recadación do IVE devindicado por estas operacións a nivel comunitario. A nova regulación do comercio electrónico no IVE involucra tamén, por primeira vez, os titulares das interfaces dixitais que facilitan o comercio electrónico, que se converten en colaboradores da propia recadación, xestión e control do imposto.

A transposición das directivas, cuxas normas son de aplicación desde o 1 de xullo 2021, incluíu importantes modificacións no ámbito da tributación das entregas de bens que, adquiridos por consumidores finais, xeralmente a través da internet e plataformas dixitais, son enviados polo provedor desde outro Estado membro ou un país ou territorio terceiro, e das prestacións de servizos efectuadas a favor de consumidores finais por empresarios non establecidos no Estado membro onde, conforme as regras de localización do feito imponible, quedan suxeitas ao IVE.

Non obstante, para reducir as cargas administrativas e tributarias para as microempresas establecidas nun único Estado membro que realizan entregas de bens ou prestan servizos a consumidores finais establecidos noutros Estados membros de forma ocasional, que supoñía tributar por estas operacións no Estado membro de consumo, estableceuse un limiar común a escala comunitaria de ata 10.000 euros anuais que permite que mentres non se exceda o dito importe as vendas a distancia intracomunitarias de bens e as prestacións de servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión e os prestados por vía electrónica estarán suxeitas ao IVE do Estado membro de establecemento do provedor. En todo caso, os ditos empresarios ou profesionais poderán optar pola tributación no Estado membro de consumo destas operacións, aínda que non superen o dito limiar, e o desenvolvemento das condicións e consecuencias do seu exercicio é obxecto de regulación no Regulamento do imposto.

Por outra banda, esténdese o réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión e aos prestados por vía electrónica prestados por empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, ás vendas a distancia intracomunitarias de bens e introdúcese un réxime especial de natureza similar para as vendas a distancia de bens

importados de países ou territorios terceiros. Para determinar claramente as operacións afectadas defínense dúas novas categorías de entregas de bens, as derivadas das vendas a distancia intracomunitarias de bens e as derivadas de vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros, así como dous novos réximes especiais de portelo único asociados a elas.

Para estes efectos, a Lei do IVE pasou a definir as vendas a distancia intracomunitarias de bens e as vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros. As primeiras son aquelas entregas de bens expedidos ou transportados polo provedor desde un Estado membro a outro distinto; as segundas, entregas de bens expedidos ou transportados polo provedor a partir dun país ou territorio terceiro con destino a un Estado membro. En ambos os casos será necesario que o destinatario teña a condición ou actúe como consumidor final.

Estas entregas de bens efectuadas nas condicións das referidas vendas a distancia van quedar suxeitas ao IVE no Estado membro onde o destinatario recibe a mercadoría. En todo caso, será necesario que o transporte do ben sexa realizado de forma directa ou indirecta polo provedor do ben. Para estes efectos, o Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 do Consello, do 15 de marzo de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, determina os supostos en que se debe entender producida a intervención directa ou indirecta do provedor no transporte, polo que se modifica o Regulamento do imposto para conter a dita previsión.

Por outra banda, a nova regulación do comercio electrónico no IVE determina que os empresarios ou profesionais titulares dunha interface dixital como as plataformas, portais e mercados en liña, cando faciliten a venda a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros, ou cando faciliten entregas de bens no interior da Comunidade por parte dun provedor non establecido nela a consumidores finais, recibiron e entregaron en nome propio os ditos bens e a súa expedición ou transporte se encontra vinculado á súa entrega cando interveñan no comercio de bens de provedores non establecidos na Comunidade. Doutra banda, incluso cando non teñan a condición de suxeitos pasivos do IVE, establécense obrigacións de mantemento de rexistros para eses empresarios ou profesionais, tamén cando faciliten a provisión de prestacións de servizos, polo que corresponde ao Regulamento do imposto, de conformidade coa normativa comunitaria, regular tanto o contido destes rexistros como as condicións que determinan que o titular da interface dixital facilitou as referidas entregas de bens ou prestacións de servizos.

Pola súa banda, para reducir as cargas administrativas e facilitar a recadación do imposto, os empresarios e profesionais que realicen estas vendas a distancia de bens poderán opcionalmente acollerse a sistemas de portelo único para a xestión e liquidación do IVE devindicado en cada Estado membro.

Tamén será posible que aqueles empresarios e profesionais non establecidos na Comunidade que presten servizos a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales poidan liquidar o IVE devindicado en cada Estado membro mediante un sistema de portelo único.

En consecuencia, a nova xestión do comercio electrónico no IVE plásmase na inclusión no capítulo XI do título IX da Lei do IVE de tres novos réximes especiais de portelo único a que se poden opcionalmente acoller os empresarios e profesionais, xeralmente non establecidos no Estado membro onde quedan suxeitas as operacións para a declaración e liquidación do IVE devindicado polas entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas a favor de consumidores finais establecidos na Comunidade.

En primeiro lugar, incorpórase un novo réxime especial, denominado «réxime exterior da Unión», que será aquel aplicable aos servizos prestados por empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales.

Por outra banda, inclúese un novo réxime especial, denominado «réxime da Unión», aplicable aos servizos prestados por empresarios ou profesionais establecidos na

Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales, ás vendas a distancia intracomunitarias de bens e ás entregas interiores de bens imputadas aos titulares de interfaces dixitais que faciliten a entrega destes bens por parte dun provedor non establecido na Comunidade ao consumidor final.

Por último, establécese un novo réxime especial, «Réxime de importación», aplicable ás vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros, ao cal se poderán acoller, directamente ou a través dun intermediario establecido na Comunidade, en determinadas condicións, os empresarios ou profesionais que realicen vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros, a excepción dos produtos que sexan obxecto de impostos especiais.

Todos estes réximes especiais de portelo van permitir, mediante unha única declaración-liquidación presentada por vía electrónica ante a Administración tributaria do Estado membro polo que opte ou sexa de aplicación (Estado membro de identificación), que o empresario ou profesional poida ingresar o IVE devindicado por todas as súas operacións efectuadas na Comunidade (Estados membros de consumo) por cada trimestre ou mes natural ás cales se aplica, en cada caso, o réxime especial.

Neste sentido, o Regulamento do imposto desenvolve as condicións e efectos do exercicio á opción aos réximes especiais, así como a súa renuncia voluntaria, a exclusión e os seus efectos, as obrigacións formais e de información a que quedan sometidos os suxeitos pasivos que opten pola súa aplicación e, no réxime de importación, tamén as condicións e requisitos que se deberán cumprir para actuar como intermediario e o momento en que se debe entender que se devindican as operacións.

Por outra banda, é importante sinalar que as vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros determinan a realización de entregas de bens que son independentes da propia importación que vai realizar o destinatario dos bens importados. No suposto de que o suxeito pasivo opte polo réxime de importación, establécese unha exención do IVE ás importacións de bens que no momento da importación se deban declarar consonte o réxime especial do cal quedan excluídos os produtos obxecto de impostos especiais.

Non obstante, dado que este réxime especial de portelo único é opcional para o suxeito pasivo e o crecemento exponencial do comercio electrónico e o conseguinte aumento do número de pequenos envíos cun valor intrínseco que non excede os 150 euros importados na Comunidade, a Lei 37/1992, do 28 de decembro, establece a posibilidade de aplicar unha modalidade especial de declaración, liquidación e pagamento do IVE ante a aduana destas importacións de bens nos supostos en que non se opte pola utilización do réxime de importación.

Esta modalidade especial vai permitir a declaración, a liquidación e o pagamento do importe total do IVE correspondente ás importacións realizadas durante un mes natural, reducindo de forma importante as cargas administrativas dos operadores, cuxo desenvolvemento regulamentario se inclúe tamén entre as modificacións introducidas no Regulamento do imposto por este real decreto.

Con independencia do anterior tamén se modifica o Regulamento do imposto para axustar os procedementos de devolución do imposto soportado no territorio de aplicación do imposto por empresarios ou profesionais non establecidos nel, pero establecidos na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, así como o procedemento de devolución a determinados empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto nin na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, tanto no referente á regulación dos novos réximes especiais de portelo único como a un axuste máis preciso á normativa comunitaria aplicable da regulación dos períodos e importes mínimos aos cales se pode referir a solicitude de devolución.

III

O artigo segundo modifica o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, para axustar á nova regulación de comercio electrónico no IVE os supostos en que a obrigación de expedir factura se debe axustar precisamente ás normas contidas no propio regulamento regulado no seu artigo 2. Por outra banda, corríxese unha referencia deste mesmo artigo 2 que quedaba desfasada en relación coa vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV

O artigo terceiro modifica o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, en materia de censos tributarios, para incorporar de forma expresa a opción e revogación á tributación no Estado membro de destino para aquelas microempresas que, establecidas nun único Estado membro, non excedan o limiar común a escala comunitaria de 10.000 euros anuais de vendas a distancia intracomunitarias de bens e prestacións de servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión e os prestados por vía electrónica a consumidores finais en Estados membros onde non estean establecidas.

V

Este real decreto complétase con catro disposicións derradeiras.

A disposición derradeira primeira fai referencia ao título competencial ao abeiro do cal se aproba este real decreto, isto é, o artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

A disposición derradeira segunda sinala que mediante este real decreto se incorpora ao dereito español o desenvolvemento regulamentario das modificacións incluídas na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, polo Real decreto lei 7/2021, do 27 de abril, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de competencia, prevención do branqueo de capitais, entidades de crédito, telecomunicacións, medidas tributarias, prevención e reparación de danos ambientais, desprazamento de traballadores na prestación de servizos transnacionais e defensa dos consumidores, derivadas da incorporación do dereito da Unión Europea ao ordenamento interno, en concreto, da Directiva (UE) 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigacións respecto do imposto sobre o valor engadido para as prestacións de servizos e as vendas a distancia de bens, con excepción do seu artigo 1 que foi obxecto de transposición pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e da Directiva (UE) 2019/1995 do Consello, do 21 de novembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ás disposicións relativas ás vendas a distancia de bens e a certas entregas nacionais de bens.

A disposición derradeira terceira contén a habilitación normativa na persoa titular do Ministerio de Facenda para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Por último, a disposición derradeira cuarta regula a súa entrada en vigor, que se fixa no 1 de xullo de 2021, data en que tamén entrarán en vigor as modificacións da Lei do IVE, incorporadas polo Real decreto lei 7/2021, para a regulación do comercio electrónico.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro:

Un. Engádesse un artigo 1, coa seguinte redacción:

«Artigo 1. *Intervención de maneira indirecta polo vendedor na expedición ou o transporte.*

Para os efectos do previsto no artigo 8.Tres da Lei do imposto, considerarase que os bens foron expedidos ou transportados polo vendedor, ou pola súa conta, de maneira indirecta. En particular, apreciarase que concorre a dita circunstancia nos casos regulados no artigo 5 bis do Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 do Consello, do 15 de marzo de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido»

Dous. Engádesse un artigo 1 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 1 bis. *Entregas de bens ou prestacións de servizos facilitadas a través dunha interface dixital.*

Para os efectos do previsto nos artigos 8 bis e 166 bis da Lei do imposto, considerarase que un empresario ou profesional facilita unha entrega de bens ou unha prestación de servizos, se for o caso, utilizando unha interface dixital, cando se cumpran as circunstancias reguladas nos artigos 5 ter e 54 ter, respectivamente, do Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 do Consello, do 15 de marzo de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido»

Tres. Modifícase o artigo 22, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 22. *Opción pola non suxeición ao imposto de determinadas entregas de bens e prestacións de servizos.*

Os empresarios ou profesionais que optasen pola tributación fóra do territorio de aplicación do imposto das entregas de bens comprendidas no artigo 68.Catro da Lei do imposto e das prestacións de servizos previstas no artigo 70.Un.8.º da Lei do imposto, conforme o previsto no seu artigo 73, deberán xustificar ante a Administración tributaria que tanto as entregas realizadas como os servizos efectuados foron declarados noutro Estado membro, salvo no suposto de que as ditas operacións tributen polo réxime especial previsto na sección 3.ª do capítulo XI do título IX da Lei do imposto.

A dita xustificación poderá efectuarse, en particular, mediante a presentación dos xustificantes de declaración-liquidación ou de ingreso do IVE devindicado ou debido no dito Estado membro.

As mencionadas opcións deberán ser reiteradas polo empresario ou profesional unha vez transcorridos dous anos; en caso contrario, quedarán automaticamente revogadas.»

Catro. Engádesse un título III bis, integrado por un artigo 23 bis, coa seguinte redacción:

«TÍTULO III BIS

Devindicación

Artigo 23 bis. *Devindicación.*

Para os efectos do previsto nos artigos 75.Tres e 163 sexvicies da Lei do imposto, para determinar o momento en que se entende aceptado o pagamento do cliente, aplicarase o establecido nos artigos 41 bis e 61 ter, respectivamente, do Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 do Consello, do 15 de marzo de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido»

Cinco. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Devolucións a empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla.*

1. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, poderán solicitar a devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire o artigo 119 da Lei do imposto mediante unha solicitude que deberá reunir os seguintes requisitos:

a) A presentación realizarase por vía electrónica, a través do formulario disposto para o efecto no portal electrónico da Administración tributaria do Estado membro onde estea establecido o solicitante, co contido que aprobe a persoa titular do Ministerio de Facenda.

Cando se trate de solicitantes establecidos nas illas Canarias, Ceuta ou Melilla, a solicitude presentarase a través do portal electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

O dito órgano, que será o competente para tramitar e resolver as solicitudes a que se refire este artigo, comunicará ao solicitante ou ao seu representante a data de recepción da súa solicitude a través dunha mensaxe enviada por vía electrónica.

b) A solicitude comprenderá as cotas soportadas polas adquisicións de bens ou servizos polas que se devindique o imposto e se expida a correspondente factura no período a que se refiran. No caso das importacións de bens, a solicitude deberá referirse ás realizadas durante o período de devolución definido no número 3 deste artigo.

Así mesmo, poderá presentarse unha nova solicitude referida a un ano natural que comprenda, se for o caso, as cotas soportadas por operacións non consignadas noutras anteriores sempre que estas se realicen durante o ano natural considerado.

c) A persoa titular do Ministerio de Facenda poderá determinar que a solicitude se acompañe de copia electrónica das facturas ou documentos de importación a que se refira cando a base imponible consignada en cada un deles supere o importe de 1.000 euros con carácter xeral ou de 250 euros cando se trate de carburante.

d) A solicitude de devolución deberá conter a seguinte información:

1.º Nome e apelidos ou denominación social e enderezo completo do solicitante.

2.º Número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido ou número de identificación fiscal do solicitante.

3.º Un enderezo de correo electrónico.

4.º Descrición da actividade empresarial ou profesional do solicitante á cal se destinan os bens e servizos correspondentes ás cotas do imposto cuxa devolución se solicita. Para estes efectos, a persoa titular do Ministerio de Facenda poderá establecer que a dita descrición se efectúe por medio duns códigos de actividade.

5.º Identificación do período de devolución a que se refira a solicitude de acordo co disposto no número 3 deste artigo.

6.º Unha declaración do solicitante en que manifieste que non realiza no territorio de aplicación do imposto operacións distintas das indicadas no número 2.º do punto dous do artigo 119 da Lei do imposto.

Así mesmo, cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberá manifestarse na dita declaración que non se realizaron entregas de bens nin prestacións de servizos desde ese establecemento permanente durante o período a que se refira a solicitude.

Non obstante, os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, que se acollan aos réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos, regulados no capítulo XI do título IX da Lei do imposto, non estarán obrigados ao cumprimento do disposto neste número 6.º respecto das operacións ás cales resulten aplicables os ditos réximes.

7.º Identificación e titularidade da conta bancaria, con mención expresa aos códigos IBAN e BIC que correspondan.

No caso de que non se trate dunha conta aberta nun establecemento dunha entidade de crédito situado no territorio de aplicación do imposto, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, todos os gastos que orixine a transferencia se detraerán do importe da devolución acordada.

8.º Os datos adicionais e de codificación que se soliciten por cada factura ou documento de importación no formulario sinalado na alínea a) deste punto.

2. A solicitude de devolución unicamente se considerará presentada cando conteña toda a información a que se refire a alínea d) do punto anterior deste artigo.

3. A solicitude de devolución poderá comprender as cotas soportadas nun período non superior ao ano natural nin inferior a tres meses.

Non obstante, a solicitude poderá comprender as cotas soportadas nun período inferior a tres meses cando o dito período constitúa o que resta do ano natural.

4. O prazo para a presentación da solicitude de devolución iniciárase o día seguinte ao final de cada trimestre natural ou de cada ano natural e concluirá o 30 de setembro seguinte ao ano natural en que se soporten as cotas a que se refira.

5. Se a solicitude de devolución se refire a un período de devolución inferior a un ano natural, pero non inferior a tres meses, o importe do imposto incluído na solicitude de devolución non poderá ser inferior a 400 euros.

Se a solicitude de devolución se refire a un período de devolución dun ano natural ou á parte restante dun ano natural, o importe do imposto incluído na solicitude non poderá ser inferior a 50 euros.

6. Se con posterioridade á solicitude das devolucions a que se refire este artigo se regulariza a porcentaxe de dedución calculada provisionalmente no Estado membro onde o solicitante estea establecido, deberase corrixir o seu importe nunha solicitude de devolución que se presente durante o ano natural seguinte ao período de devolución cuxa porcentaxe sexa obxecto de rectificación.

Cando non se presenten solicitudes de devolución durante o dito ano, a rectificación realizarase mediante o envío dunha solicitude de rectificación por vía electrónica que se presentará a través do portal electrónico da Administración tributaria do Estado de establecemento co contido que aprobe a persoa titular do Ministerio de Facenda.

7. Cando o órgano competente para resolver a solicitude presentada considere que non dispón de toda a información que precise, poderá requirir a información adicional necesaria ao solicitante, á autoridade competente do Estado membro onde estea establecido aquel ou a terceiros, mediante unha mensaxe enviada por vía electrónica dentro do prazo dos catro meses contados desde a súa recepción.

Así mesmo, o dito órgano poderá solicitar calquera información ulterior que considere necesaria.

Cando existan dúbidas acerca da validez ou exactitude dos datos contidos nunha solicitude de devolución ou na copia electrónica das facturas ou dos documentos de importación a que se refira, o órgano competente para a súa tramitación poderá requirir, se for o caso, ao solicitante a achega dos seus orixinais. Os ditos orixinais deberán manterse á disposición da Administración tributaria durante o prazo de prescrición do imposto.

As solicitudes de información adicional ou ulterior deberán ser atendidas polo seu destinatario no prazo dun mes contado desde a súa recepción.

8. A resolución da solicitude de devolución deberá adoptarse e notificarse ao solicitante durante os catro meses seguintes á data da súa recepción polo órgano competente para a súa adopción.

Non obstante, cando sexa necesaria a solicitude de información adicional ou ulterior, a resolución deberá adoptarse e notificarse ao solicitante no prazo de dous meses desde a recepción da información solicitada ou desde a finalización do transcurso dun mes desde que aquela se efectuou, se a dita solicitude non for atendida polo seu destinatario. Nestes casos, o procedemento de devolución terá unha duración mínima de seis meses contados desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolvela.

En todo caso, cando sexa necesaria a solicitude de información adicional ou ulterior, o prazo máximo para resolver unha solicitude de devolución será de oito meses contados desde a data da súa recepción, a entenderase desestimada se, transcorridos os prazos a que se refire este punto, non se recibiu notificación expresa da súa resolución.

9. Recoñecida a devolución, deberá aboarse nos 10 días seguintes á finalización dos prazos a que se refire o punto anterior deste artigo.

10. A desestimación total ou parcial da solicitude presentada poderá ser impugnada polo solicitante de acordo co disposto no título V da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

11. A persoa titular do Ministerio de Facenda poderá establecer o idioma en que se deba cubrir a solicitude de devolución e a información adicional ou ulterior que sexa requirida polo órgano competente para a súa tramitación e resolución.»

Seis. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 31 bis, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto nin na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla poderán solicitar a devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire o artigo 119 bis da Lei do imposto mediante unha solicitude que deberá reunir os seguintes requisitos:

a) A presentación realizarase por vía electrónica a través do modelo e cos requisitos de acreditación aprobados pola persoa titular do Ministerio de Facenda que se encontrarán aloxados no portal electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria, órgano competente para a súa tramitación e resolución.

b) A solicitude de devolución poderá comprender as cotas soportadas nun período non superior ao ano natural nin inferior a tres meses.

Non obstante, a solicitude poderá comprender as cotas soportadas nun período inferior a tres meses cando o dito período constitúa o que resta do ano natural.

c) Na solicitude consignaranse as cotas soportadas polas adquisicións de bens ou servizos polas que se devindique o imposto e se expida a correspondente factura no período a que se refiran. No caso das importacións de bens, a solicitude deberá referirse ás realizadas durante o período de devolución definido na alínea b) deste punto.

Así mesmo, poderá presentarse unha nova solicitude referida a un ano natural que comprenda, se for o caso, as cotas soportadas por operacións non consignadas noutras anteriores sempre que estas se realicen durante o ano natural considerado.

d) A solicitude de devolución deberá conter:

1.º Unha declaración suscrita polo solicitante ou o seu representante en que manifieste que non realiza no territorio de aplicación do imposto operacións distintas das indicadas no número 2.º do punto dous do artigo 119 da Lei do imposto.

Así mesmo, cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberá manifestarse na dita declaración que non se realizaron entregas de bens nin prestacións de servizos desde ese establecemento permanente durante o período a que se refira a solicitude.

Non obstante, os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que se acollan aos réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos, regulados no capítulo XI do título IX da Lei do imposto, non estarán obrigados ao cumprimento do disposto neste número 1.º respecto das operacións acollidas aos ditos réximes.

2.º Compromiso suscrito polo solicitante ou o seu representante de reembolsar á Facenda pública o importe das devolucións que resulten improcedentes.

3.º Certificación expedida polas autoridades competentes do Estado onde radique o establecemento do solicitante en que se acredite que realiza nel actividades empresariais ou profesionais suxeitas ao imposto sobre o valor engadido ou a un tributo análogo durante o período en que se devindiquen as cotas cuxa devolución se solicita.»

«4. Se a solicitude de devolución se refire a un período de devolución inferior a un ano natural, pero non inferior a tres meses, o importe do imposto incluído na solicitude de devolución non poderá ser inferior a 400 euros.

Se a solicitude de devolución se refire a un período de devolución dun ano natural ou á parte restante dun ano natural, o importe do imposto incluído na solicitude non poderá ser inferior a 50 euros.»

Sete. Modifícase o capítulo IX do título VIII, que queda redactado da seguinte forma:

«CAPÍTULO IX

Réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos

Artigo 61 duodecies. *Definicións.*

Para os efectos deste capítulo entenderase por:

a) Réxime exterior da Unión: o réxime especial regulado na sección 2.ª do capítulo XI do título IX da Lei do imposto.

b) Réxime da Unión: o réxime especial regulado na sección 3.ª do capítulo XI do título IX da Lei do imposto.

c) Réxime de importación: o réxime especial regulado na sección 4.ª do capítulo XI do título IX da Lei do imposto.

Artigo 61 terdecies. *Opción e renuncia. Efectos.*

1. A opción por algún dos réximes especiais a que se refire este capítulo realizárase a través da presentación, no Estado membro de identificación, da correspondente declaración de inicio nos réximes especiais e producirá efecto:

- a) a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte á presentación da indicada declaración, no caso do réxime exterior da Unión e do réxime da Unión; ou
- b) desde o día en que se asigne ao empresario ou profesional, ou ao intermediario que actúe pola conta deste, o número individual de identificación para os efectos do imposto para o réxime de importación.

No caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de inicio regúlase nos artigos 163 noniesdecies, 163 duovicies e 163 septvicies da Lei do imposto.

Non obstante o anterior, no réxime exterior da Unión ou no réxime da Unión, cando un empresario ou profesional inicie as operacións incluídas nestes réximes especiais con carácter previo á data de efectos a que se refire a alínea a) anterior, o réxime especial correspondente producirá efecto a partir da data da primeira entrega ou prestación de servizos, sempre que o empresario ou profesional presente a dita declaración de inicio, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte á data do seu inicio.

O establecido neste punto enténdese sen prexuízo da facultade da Administración tributaria do Estado membro de identificación de denegar o rexistro aos réximes especiais a que se refire este capítulo cando o empresario ou profesional non cumpra as condicións para acollerse aos réximes en cuestión.

2. A renuncia voluntaria a calquera dos réximes especiais a que se refire este capítulo realizarase a través da presentación da declaración de cesamento nos réximes especiais ao Estado membro de identificación, que se deberá efectuar:

- a) polo menos quince días antes de finalizar o trimestre natural anterior a aquel en que se vaia deixar de utilizar o réxime especial e producirá efecto a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte á presentación da indicada declaración de cesamento, no caso do réxime exterior da Unión e do réxime da Unión.
- b) polo menos quince días antes do mes anterior a aquel en que se vaia deixar de utilizar o réxime de importación e producirá efecto a partir do primeiro día do mes seguinte á presentación da indicada declaración de cesamento. Neste caso, o empresario ou profesional deixará de estar autorizado para utilizar este réxime especial para as entregas de bens que realice a partir desa data.

O intermediario cuxo Estado membro de identificación sexa o Reino de España, que poña fin á súa actividade por conta de empresarios ou profesionais acollidos ao réxime de importación, deberá informar da súa decisión a Axencia Estatal de Administración Tributaria, polo menos quince días antes de finalizar o mes natural anterior a aquel en que se pretenda deixar de actuar como intermediario.

No caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de cesamento regúlase nos artigos 163 noniesdecies, 163 duovicies e 163 septvicies da Lei do imposto.

3. Cando un empresario ou profesional ou, se for o caso, un intermediario que actúe pola conta deste, establecido na Comunidade traslade a sede da súa actividade económica dun Estado membro a outro ou deixe de estar establecido no Estado membro de identificación, pero continúe establecido na Comunidade e cumpra as condicións para poder seguir acollido aos réximes especiais da Unión ou de importación, poderá presentar a declaración de cesamento no Estado membro de identificación en que deixe de estar establecido e presentar unha nova declaración de inicio nun novo Estado membro na data en que se produza o cambio de sede ou de establecemento permanente.

Cando o empresario ou profesional que utilice o réxime da Unión para a entrega de bens deixe de estar establecido na Comunidade, indicará como novo Estado membro de identificación un Estado membro desde o que expida ou transporte os bens.

O cambio de Estado membro de identificación producirá efecto desde a data en que se produza, sempre que o empresario ou profesional ou, se for o caso, o intermediario que actúe pola súa conta, presente a declaración correspondente a cada un dos Estados membros de identificación afectados en que informe do cambio de Estado membro de identificación, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte a aquel en que se produza o cambio de sede ou de establecemento permanente ou a partir da data en que o dito empresario ou profesional deixe de expedir ou transportar bens desde ese Estado membro.

4. Nos casos a que se refire o número 3 anterior e sempre que o cambio de Estado membro de identificación se produza despois do primeiro día do período de liquidación en cuestión, o empresario ou profesional ou, se for o caso, o intermediario que actúe pola conta deste, estará obrigado a presentar a declaración-liquidación do imposto correspondente ao trimestre ou mes natural en que se produce o cambio nos dous Estados membros de identificación, atendendo ás operacións efectuadas durante os períodos en que cada un dos Estados membros sexa o Estado membro de identificación.

Artigo 61 quaterdecies. *Exclusión e efectos.*

1. O Estado membro de identificación adoptará exclusivamente a exclusión dun empresario ou profesional de calquera dos réximes especiais a que se refire este capítulo, cuxa decisión se deberá comunicar ao dito empresario ou profesional por vía electrónica e producirá efecto:

a) a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte á data da indicada comunicación, no caso do réxime exterior da Unión e do réxime da Unión; ou

b) a partir do primeiro día do mes seguinte á data da indicada comunicación, no caso do réxime de importación, salvo que a exclusión derive do incumprimento reiterado das normas deste réxime, en que producirá efectos a partir do día seguinte á data da indicada comunicación.

Cando o empresario ou profesional actúe con intermediario, o acordo de exclusión do intermediario conforme o punto seguinte supón a exclusión no réxime de importación dos empresarios ou profesionais acollidos a el por cuxa conta actuaba o intermediario. A exclusión dos ditos empresarios ou profesionais por ese motivo será comunicada a cada un deles e producirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte á data da comunicación, calquera que sexa a causa de exclusión do intermediario.

Non obstante o anterior, cando a exclusión derive do cambio de sede de actividade económica ou de establecemento permanente ou do lugar de inicio da expedición ou transporte dos bens por parte do empresario ou profesional, producirá efecto a partir da data do dito cambio, sempre que o empresario ou profesional presente a declaración de modificación a cada un dos dous Estados membros de identificación afectados, en que informe do cambio de Estado membro de identificación, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte a aquel en que se produza o cambio de sede ou de establecemento permanente.

2. O Estado membro de identificación adoptará exclusivamente a exclusión dun intermediario que actúe por conta dun empresario ou profesional acollido ao réxime de importación, cuxa decisión lle deberá ser comunicada por vía electrónica e producirá efecto a partir do primeiro día do mes seguinte á data da indicada comunicación.

Non obstante o anterior:

a) Cando a exclusión derive do cambio de sede de actividade económica ou de establecemento permanente, producirá efecto a partir da data do dito cambio, sempre que o intermediario presente a declaración de modificación a cada un dos dous Estados membros de identificación afectados, en que informe do cambio de

Estado membro de identificación, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte a aquel en que se produza o cambio de sede ou de establecemento permanente; ou

b) Cando a exclusión derive do incumprimento reiterado das normas do citado réxime, producirá efectos a partir do día seguinte á data da indicada comunicación.

En todo caso, o intermediario deberá presentar a declaración-liquidación do último mes natural no réxime correspondente a cada empresario ou profesional por cuxa conta actúa.

3. Serán causas de exclusión dos réximes especiais a que se refire este capítulo calquera das que se relacionan a seguir:

a) A presentación polo empresario ou profesional da declaración de cesamento por ter deixado de realizar as operacións comprendidas en calquera dos réximes especiais; para este efecto, o empresario ou profesional deberá presentar a dita declaración ao Estado membro de identificación, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte a que se produza a dita situación.

No caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de cesamento regúlase nos artigos 163 noniesdecies, 163 duovicies e 163 septivicies da Lei do imposto.

b) A existencia de feitos que permitan presumir que o empresario ou profesional deixou de desenvolver as súas actividades en calquera dos réximes especiais. Considerarase que se produciu o anterior cando o empresario ou profesional non realice en ningún Estado membro de consumo algunha das operacións a que se refiren os réximes especiais durante un período de dous anos.

c) O incumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a estes réximes especiais.

d) O incumprimento reiterado das obrigacións impostas pola normativa destes réximes especiais, o cal concorrerá, entre outros:

a') Cando se envíen ao empresario ou profesional comunicacións ou recordatorios da obrigaón de presentar unha declaración durante os tres períodos de declaración anteriores e non se presente a correspondente declaración do imposto no prazo de dez días que se computarán desde o envío de cada recordatorio ou comunicación;

b') Cando se envíen ao empresario ou profesional comunicacións ou recordatorios da obrigaón de efectuar un pagamento durante os tres períodos de declaración anteriores e non se aboe a suma íntegra no prazo de dez días que se computarán desde o envío de cada recordatorio ou comunicación, a menos que o importe pendente correspondente a cada declaración sexa inferior a 100 euros;

c') Cando o empresario ou profesional incumpra a súa obrigaón de pór á disposición do Estado membro de identificación ou do Estado membro de consumo os seus rexistros por vía electrónica no prazo dun mes desde o correspondente recordatorio ou comunicación remitido polo Estado membro de identificación;

d') Cando o empresario ou profesional acollido ao réxime de importación utilice de forma reiterada o réxime especial para a importación de bens con valor intrínseco superior a 150 euros ou suxeitos a impostos especiais.

e) Para o empresario ou profesional acollido ao réxime de importación que opere a través dun intermediario, que o dito intermediario notifique á Administración tributaria que o deixou de representar; para este efecto, o intermediario deberá notificar esta situación ao Estado membro de identificación, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte a que se produza a dita situación.

Cando a exclusión derive dos supostos a que se refire a alínea d) anterior, producirá efectos para un período mínimo de dous anos contados a partir da data de efecto da exclusión e respecto dos tres réximes especiais.

4. Serán causas de exclusión do intermediario que actúe por conta dun empresario ou profesional acollido ao réxime de importación:

- a) A falta de actuación durante dous trimestres naturais como intermediario.
- b) O incumprimento dos requisitos necesarios para actuar como intermediario.
- c) O incumprimento reiterado das obrigacións impostas pola normativa do citado réxime especial, o cal concorrerá, entre outros:

a') Cando se envíen ao intermediario comunicacións ou recordatorios da obrigación de presentar unha declaración durante os tres períodos de declaración anteriores e non se presente a correspondente declaración do imposto no prazo de dez días que se computarán desde o envío de cada recordatorio ou comunicación;

b') Cando se envíen ao intermediario comunicacións ou recordatorios da obrigación de efectuar un pagamento durante os tres períodos de declaración anteriores e non se aboe a suma íntegra no prazo de dez días que se computarán desde o envío de cada recordatorio ou comunicación, a menos que o importe pendente correspondente a cada declaración sexa inferior a 100 euros;

c') Cando o intermediario incumpra a súa obrigación de pór á disposición do Estado membro de identificación ou do Estado membro de consumo os seus rexistros por vía electrónica no prazo dun mes desde o correspondente recordatorio ou comunicación remitido polo Estado membro de identificación;

d') Cando o intermediario incorra nas circunstancias establecidas no artigo 144.4, alínea c), do Regulamento xeral das actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

No suposto desta alínea c), o intermediario non poderá actuar como tal durante os dous anos seguintes ao mes durante o cal sexa excluído do réxime especial.

5. Os empresarios ou profesionais que sexan excluídos do réxime exterior da Unión ou do réxime da Unión deberán satisfacer directamente, ante as autoridades tributarias do Estado membro de consumo de que se trate, todas as obrigacións que lles incumban en relación co imposto sobre o valor engadido polas entregas de bens ou as prestacións de servizos que se xeren despois da data en que se faga efectiva a exclusión.

Artigo 61 quinquiesdecies. *Obrigacións de información.*

O empresario ou profesional, ou o intermediario que actúe pola súa conta, se for o caso, acollido a calquera destes réximes especiais a que se refire este capítulo deberá presentar unha declaración de modificación ao Estado membro de identificación ante calquera cambio na información proporcionada a este; a dita declaración deberase presentar, o máis tardar, o décimo día do mes seguinte a aquel en que se produza o cambio correspondente.

No caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de modificación regúlase nos artigos 163 noniesdecies, 163 duovicies e 163 septvicies da Lei do imposto.

Artigo 61 sexiesdecies. *Obrigacións formais.*

1. Os empresarios e profesionais acollidos ao réxime exterior da Unión e ao réxime da Unión teñen que levar un rexistro das operacións incluídas nestes réximes especiais, co detalle suficiente para que a Administración tributaria do Estado membro de consumo poida comprobar os datos incluídos nas declaracións do imposto. Para este efecto, o dito rexistro deberá conter a seguinte información:

- a) o Estado membro de consumo en que se realicen as operacións;

- b) o tipo de prestación de servizos realizada ou a descrición e a cantidade dos bens entregados;
- c) a data de realización da operación;
- d) a base imponible con indicación da moeda utilizada;
- e) calquera aumento ou redución posterior da base imponible;
- f) o tipo do imposto aplicado;
- g) o importe debido do imposto con indicación da moeda utilizada;
- h) a data e o importe dos pagamentos recibidos;
- i) calquera anticipo recibido antes da realización da operación;
- j) a información contida na factura, no caso de que se emita;
- k) a información utilizada para determinar o lugar de establecemento do cliente, ou o seu domicilio ou residencia habitual, tratándose de prestacións de servizos, e, no caso de bens, a información utilizada para determinar o lugar onde comeza e termina a súa expedición ou o seu transporte;
- l) calquera proba de posibles devolucións de bens, incluída a base imponible e o tipo do imposto aplicado.

2. Os empresarios ou profesionais, ou os intermediarios que actúen pola conta destes, acollidos ao réxime de importación deberán levar un rexistro das operacións incluídas neste réxime especial co detalle suficiente para que a Administración tributaria do Estado membro de consumo poida comprobar os datos incluídos nas declaracións do imposto. Para este efecto, o dito rexistro deberá conter a seguinte información:

- a) o Estado membro de consumo en que se entreguen os bens;
- b) a descrición e a cantidade dos bens entregados;
- c) a data de entrega dos bens;
- d) a base imponible con indicación da moeda utilizada;
- e) calquera aumento ou redución posterior da base imponible;
- f) o tipo do imposto aplicado;
- g) o importe debido do imposto con indicación da moeda utilizada;
- h) a data e o importe dos pagamentos recibidos;
- i) a información contida na factura, no caso de que se emita;
- j) a información utilizada para determinar o lugar onde comeza e termina a expedición ou o transporte dos bens con destino ao cliente;
- k) calquera proba de posibles devolucións de bens, incluídos a base imponible e o tipo do imposto aplicado;
- l) o número de pedido ou o número único de transacción;
- m) o número único de expedición cando o empresario ou profesional interveña directamente na entrega.

3. A información prevista nos puntos anteriores deberá conservarse de tal maneira que permita a súa disposición por vía electrónica, de forma inmediata e por cada unha das operacións realizadas, e estará dispoñible tanto para o Estado membro de consumo como para o Estado membro de identificación.

4. A expedición de factura, nos casos en que resulte procedente, determinarase e axustarase conforme as normas do Estado membro de identificación.

No caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, a expedición e a entrega de factura axustaranse ao previsto no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Artigo 61 septiesdecies. *Condicións e requisitos para actuar como intermediario no réxime de importación.*

Para que un operador poida actuar no Reino de España como intermediario para os efectos do réxime de importación, asumindo os dereitos e obrigacións do

régime nos termos establecidos no artigo 163 quínties.Dous, alínea b), da Lei do imposto, deberá cumprir as seguintes condicións:

- a) Dispor do número de identificación fiscal a que se refire o artigo 164.Un.2.º da Lei do imposto.
- b) Estar establecido no territorio de aplicación do imposto.
- c) Non ter sido condenado ou sancionado, dentro dos catro anos anteriores á presentación da solicitude para actuar como intermediario, pola comisión dun delito contra a Facenda pública ou dunha infracción tributaria grave, en relación coa súa actividade económica, en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme.

Este requisito considerárase cumprido se ningunha das persoas seguintes se encontra na situación do parágrafo anterior en relación coa súa actividade económica, incluída a actividade económica do solicitante, se for o caso:

- a') o operador,
- b') o empregado ou os empregados encargados dos asuntos aduaneiros e/ou tributarios,
- c') a persoa ou as persoas encargadas do operador ou que controlen a súa dirección.

Non obstante o anterior, poderá entenderse cumprido este requisito cando a Administración tributaria considere que unha infracción non é relevante, en relación co número ou coa magnitude das operacións conexas, e non teña dúbida ningunha en canto á boa fe do solicitante.

Cando a persoa a que se refire o inciso c'), distinta do operador, estea establecida ou teña a súa residencia nun terceiro país, a Administración tributaria deberá avaliar o cumprimento do criterio baseándose nos rexistros e na información de que dispoña.

Cando o operador leve establecido menos de catro anos, a Administración tributaria deberá avaliar o cumprimento do criterio baseándose nos rexistros e na información de que dispoña.

- d) Solvencia financeira, a cal se considerará acreditada cando o operador teña un nivel financeiro que lle permita cumprir os seus compromisos, tendo debidamente en conta as características do tipo de actividade de que se trate.

Este requisito considerárase acreditado cando o solicitante cumpra as condicións seguintes:

- a') non está incurso nun procedemento concursal;
- b') durante os últimos catro anos anteriores á presentación da solicitude para actuar como intermediario cumpriu coas súas obrigacións financeiras en relación co pagamento das súas débedas aduaneiras e tributarias;
- c') demostra, sobre a base dos rexistros e da información dispoñibles para os catro últimos anos anteriores á presentación da solicitude, que dispón de capacidade financeira suficiente para cumprir as súas obrigacións e facer fronte aos seus compromisos relativos á natureza e ao volume das actividades comerciais, en particular, non dispor de activos netos negativos, excepto no caso de que se poidan cubrir.

Se o operador leva establecido menos de catro anos, a solvencia financeira avaliarase baseándose nos rexistros e na información dispoñible.

Presumirase o cumprimento destes requisitos cando o operador teña a condición de operador económico autorizado de conformidade co código aduaneiro da Unión e as súas disposicións de aplicación.

A Administración tributaria poderá denegar a condición de intermediario para os efectos do réxime de importación cando o operador non cumpra todas as condicións anteriormente establecidas.»

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 62, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O disposto no punto anterior non será de aplicación respecto das actividades acollidas aos réximes especiais simplificado, da agricultura, gandaría e pesca e da recarga de equivalencia, coas especificacións establecidas nas normas reguladoras dos ditos réximes especiais, nin respecto das entregas a título ocasional de medios de transporte novos realizadas polas persoas a que se refire a alínea e) do punto un do artigo 5 da Lei do imposto.»

Nove. Engádesse un artigo 62 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 62 bis. *Rexistro de operacións.*

1. Cando un empresario ou profesional, actuando como tal, ao utilizar unha interface dixital como un mercado en liña, unha plataforma, un portal ou outros medios similares, facilite a entrega de bens ou a prestación de servizos a persoas que non sexan empresarios ou profesionais, actuando como tales, e non teña a condición de suxeito pasivo respecto das ditas entregas de bens ou prestacións de servizos, terá a obrigaçión de levar un rexistro das ditas operacións.

O rexistro será o suficientemente detallado como para permitir á Administración tributaria comprobar se o imposto se declarou correctamente e o seu contido deberá incluír:

a) o nome, o enderezo postal e electrónico ou o sitio web do provedor cuxas entregas ou prestacións se faciliten a través da utilización da interface electrónica, e se están dispoñibles:

a') o número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido ou o número nacional de identificación fiscal do provedor; e

b') o número da conta bancaria ou o número da conta virtual do provedor;

b) unha descrición dos bens, o seu valor, o lugar de chegada da expedición ou transporte, xunto co momento da entrega, e, se se encontran dispoñibles, o número de pedido ou o número único de transacción;

c) unha descrición dos servizos, o seu valor, información para determinar o lugar e o momento da prestación, e, se se encontran dispoñibles, o número de pedido ou o número único de transacción.

2. O rexistro mencionado no punto anterior deberá estar por vía electrónica, logo de solicitude, á disposición dos Estados membros interesados.

O rexistro manterase por un período de dez anos a partir do final do ano en que se realice a operación.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 74, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A recadación e ingreso das cotas tributarias correspondentes a este imposto e liquidadas polas aduanas nas operacións de importación de bens efectuaranse segundo o disposto no Regulamento xeral de recadación.

Non obstante o anterior:

a) Cando o importador sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, e teña un período de liquidación que coincida co mes natural de acordo co disposto no artigo 71.3 do presente regulamento, poderá optar por incluír a cota liquidada polas aduanas na declaración-liquidación correspondente ao período en que reciba o documento en que conste a dita liquidación, caso en que o prazo de ingreso das cotas liquidadas nas operacións de importación se corresponderá co previsto no artigo 72 deste regulamento. No suposto de suxeitos pasivos que non tributen integramente na Administración do Estado, a cota liquidada polas aduanas incluírase na súa totalidade na declaración-liquidación presentada á Administración do Estado. Se se trata de suxeitos pasivos que tributen exclusivamente ante unha

Administración tributaria foral, incluírase na súa totalidade nunha declaración-liquidación que presenten ante a Administración do Estado no modelo, lugar, forma e prazos que estableza a persoa titular do Ministerio de Facenda.

A opción deberá exercerse mediante a presentación dunha declaración censual ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria durante o mes de novembro anterior ao comezo do ano natural en que deba producir efecto e entenderase prorrogada para os anos seguintes en canto non se produza a renuncia a ela ou a exclusión.

A opción referirase a todas as importacións realizadas polo suxeito pasivo que deban ser incluídas nas declaracións-liquidacións periódicas.

A renuncia exercerase mediante comunicación ao órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, mediante presentación da correspondente declaración censual e deberase formular no mes de novembro anterior ao comezo do ano natural en que deba producir efecto. A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos.

Os suxeitos pasivos que exerzan a opción a que se refire este punto quedarán excluídos da súa aplicación cando o seu período de liquidación deixe de coincidir co mes natural.

A exclusión producirá efectos desde a mesma data en que se produza o cesamento na obriga de presentación de declaracións-liquidacións mensuais.

b) Cando os empresarios ou profesionais que realicen as operacións a que se refire o título IX, capítulo XI, sección 4.^a da Lei do imposto, non opten pola aplicación do réxime especial previsto nesa sección, a persoa que presente os bens na aduana por conta dos importadores no territorio de aplicación do imposto poderá optar por unha modalidade especial para a declaración e o pagamento do imposto sobre o valor engadido correspondente.

Entenderase realizada a dita opción cando a persoa que presente os bens na aduana declare a súa intención de facer uso da modalidade especial por vía telemática ante a aduana.

Esta modalidade especial prevista no artigo 167 bis da Lei do imposto require:

a) Ter acreditado a condición de presentador de mercadoría por conta dos importadores ante a aduana, na forma prevista na normativa aduaneira.

b) A presentación dunha declaración mensual referida a todas as mercadorías importadas de acordo coas formalidades aduaneiras a que se refire o artigo 143 bis do Regulamento delegado (UE) 2015/2446 da Comisión, do 28 de xullo de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello con normas de desenvolvemento relativas a determinadas disposicións do código aduaneiro da Unión, por conta dos importadores, salvo que se probe a reexportación ou se acorde a destrución ou o abandono, na forma que dispoña a normativa aduaneira.

c) Levar un rexistro das operacións incluídas na declaración presentada consonte a modalidade especial. Para este efecto, o dito rexistro deberá conter, por cada mes natural e para cada envío, a seguinte información:

- a) o número de identificación da declaración de importación presentada;
- b) a data de presentación en aduana dos bens;
- c) o número da declaración ou notificación de reexportación ou, se for o caso, da proba de destrución ou abandono do territorio de aplicación do imposto, sobre envíos de bens non entregados ou rexeitados polo destinatario;
- d) o número de identificación do envío;
- e) o lugar e a data de entrega da mercadoría e o número de identificación da persoa a quen se efectúa;
- f) o valor intrínseco dos bens;
- g) o importe do imposto recadado;

h') a identificación da persoa da cal recibiu o ingreso da cota do imposto, se é distinta do importador;

i') a proba, nos termos previstos no artigo 106 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, da falta de pagamento do imposto sobre envíos de bens non entregados ou rexeitados polo destinatario, incluído o valor intrínseco de cada un;

j') a identificación do número da declaración mensual a través da cal se efectúa o ingreso das cotas devindicadas con ocasión da dita importación.

O rexistro deberá estar por vía electrónica, logo de solicitude, á disposición da Administración tributaria e manterase por un período de catro anos a partir do final do ano en que se realice a operación.»

Once. Modifícase o número 1 do artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«1. De conformidade co previsto no artigo 164.Un.7.º da Lei do imposto, e sen prexuízo do establecido no número 3 seguinte, os suxeitos pasivos non establecidos no territorio de aplicación do imposto estarán obrigados a nomear e pór en coñecemento da Administración tributaria, con anterioridade á realización das operacións suxeitas, unha persoa física ou xurídica con domicilio no dito territorio para que os represente en relación co cumprimento das obrigacións establecidas na dita lei e neste regulamento.

Esta obrigación non existirá en relación cos suxeitos pasivos que se encontren establecidos en Canarias, Ceuta ou Melilla, noutro Estado membro da Comunidade ou nun Estado co que existan instrumentos de asistencia mutua análogos aos instituídos na Comunidade ou que se acollan aos réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos regulados no capítulo XI do título IX da Lei do imposto.»

Artigo segundo. Modificación do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro:

Un. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 2, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Deberase expedir factura e copia desta, en todo caso, nas seguintes operacións:

a) Aquelas en que o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, con independencia do réxime de tributación a que se encontre acollido o empresario ou profesional que realice a operación, así como calquera outra en que o destinatario así o exixa para o exercicio de calquera dereito de natureza tributaria.

b) As entregas de bens destinados a outro Estado membro a que se refire o artigo 25 da Lei do imposto.

c) As entregas de bens a que se refire o artigo 68.Tres.a) e cinco da Lei do imposto cando, por aplicación das regras referidas no dito precepto, se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto. Non obstante, cando a estas entregas lles resulte aplicable o réxime especial a que se refire a sección 3.^a do capítulo XI do título IX da Lei do imposto e o Estado membro de identificación non sexa o Reino de España, será o Estado de identificación quen determine se existe obrigación de expedir factura.

d) As entregas de bens expedidos ou transportados fóra da Comunidade Europea a que se refire o artigo 21.1.º e 2.º da Lei do imposto, excepto as efectuadas nas tendas libres de impostos a que se refire o número 2.º, B, do citado artigo.

e) As entregas de bens que van ser obxecto de instalación ou montaxe antes da súa posta á disposición a que se refire o artigo 68.Dous.2.º da Lei do imposto.

f) Aquelas das cales sexan destinatarias persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, con independencia de que se encontren establecidas no territorio de aplicación do imposto ou non, ou as administracións públicas a que se refire o artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A obrigaçión de expedir factura a que se refiren os números anteriores axustarase ás normas establecidas neste regulamento, nos seguintes supostos:

a) Para as operacións ás cales resulten aplicables os réximes especiais a que se refire o capítulo XI do título IX da Lei do imposto, cando sexa o Reino de España o Estado membro de identificación.

b) Para as operacións distintas das sinaladas na alínea a) anterior:

a') Cando a entrega de bens ou a prestación de servizos a que se refira se entenda realizada no territorio de aplicación do imposto, salvo cando o provedor do ben ou prestador do servizo non se encontre establecido no citado territorio, o suxeito pasivo do imposto sexa o destinatario para quen se realice a operación suxeita a este e a factura non sexa expedida por este último consonte o establecido no artigo 5 deste regulamento.

b') Cando o provedor ou prestador estea establecido no territorio de aplicación do imposto ou teña nel un establecemento permanente ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio ou residencia habitual, a partir do cal se efectúa a entrega de bens ou prestación de servizos e esa entrega ou prestación, conforme as regras de localización aplicables a elas, non se entenda realizada no territorio de aplicación do imposto, nos seguintes supostos:

a'') Cando a operación estea suxeita noutro Estado membro, o suxeito pasivo do imposto sexa o destinatario para quen se realice a operación e a factura non sexa materialmente expedida por este último en nome e por conta do provedor do ben ou prestador do servizo.

b'') Cando a operación se entenda realizada fóra da Comunidade.»

Dous. Modifícanse as alíneas b) e d) do número 4 do artigo 4, que quedan redactadas da seguinte forma:

«b) As entregas de bens a que se refire o artigo 68.Tres.a) da Lei do imposto, salvo cando lles resulte aplicable o réxime especial a que se refire a sección 3.ª do capítulo XI do título IX da dita lei.»

«d) As entregas de bens ou prestacións de servizos a que se refire o artigo 2.3.b) b').»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Cando se trate de operacións a que se refire o artigo 2.3.b).b').a''), o obrigado a expedir a factura poderá omitir a información prevista nas alíneas f), g) e h) do número 1 deste artigo e indicar no seu lugar, mediante referencia á cantidade ou ao alcance dos bens ou servizos subministrados e á súa natureza, o importe suxeito ao imposto de tales bens ou servizos.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos*

procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo:

Un. Modifícase o número 8.º da alínea b) do artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«8.º A inclusión ou baixa no Rexistro de devolución mensual a que se refire o artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.»

Dous. Modifícanse as alíneas h), i) e s) do número 3 do artigo 9, que quedan redactadas da seguinte forma:

«h) Optar pola non suxeición ao imposto sobre o valor engadido nas entregas de bens a que se refire o artigo 68.Catro da Lei do dito imposto, en relación co previsto no artigo 73 desa lei.

i) Comunicar a suxeición ao imposto sobre o valor engadido nas entregas de bens a que se refiren o artigo 68.Tres.a) e cinco da Lei do dito imposto, sempre que o declarante non se encontre xa rexistrado no censo.»

«s) Optar pola non suxeición ao imposto sobre o valor engadido das prestacións de servizos a que se refire o artigo 70.Un.8.º da Lei do dito imposto, en relación co previsto no artigo 73 desa lei.»

Tres. Modifícanse as alíneas f), g), h), r) e s) e engádese a alínea t) ao número 2 do artigo 10, que quedan redactadas da seguinte forma:

«f) Optar pola non suxeición ao imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68.Catro da Lei do dito imposto, en relación co previsto no artigo 73 desa lei.

g) Comunicar a suxeición ao imposto sobre o valor engadido das entregas a que se refiren o artigo 68.Tres.a) e cinco da Lei do dito imposto.

h) Revogar as opcións ou modificar as solicitudes a que se refiren os parágrafos d), e), f), p), q) e r) deste punto e os parágrafos f), h), q), r) e s) do artigo 9.3 deste regulamento, así como a comunicación dos cambios das situacións a que se refiren os parágrafos g) e s) deste punto e os parágrafos i), o) e t) do artigo 9.3 deste regulamento.»

«r) Optar pola non suxeición ao imposto sobre o valor engadido das prestacións de servizos a que se refire o artigo 70.un.8.º da Lei do dito imposto en relación co previsto no artigo 73 desa lei.

s) Comunicar a suxeición ao imposto sobre o valor engadido das prestacións de servizos a que se refire o artigo 70.Un.4.º.a) da Lei do dito imposto, sempre que o declarante non se encontre xa rexistrado no censo.

t) Comunicar outros feitos e circunstancias de carácter censual previstos nas normas tributarias ou que determine a persoa titular do Ministerio de Facenda.»

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o desenvolvemento regulamentario das modificacións incluídas na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, polo Real decreto lei 7/2021, do 27 de abril, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de competencia, prevención do branqueo de capitais, entidades de crédito, telecomunicacións, medidas tributarias, prevención e reparación de danos ambientais, desprazamento de traballadores na prestación de servizos transnacionais e defensa dos consumidores, derivadas da incorporación do dereito da Unión Europea ao ordenamento interno, en concreto, da Directiva (UE) 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigacións respecto do imposto sobre o valor engadido para as prestacións de servizos e as vendas a distancia de bens, con excepción do seu artigo 1, que foi obxecto de transposición pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e da Directiva (UE) 2019/1995 do Consello, do 21 de novembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ás disposicións relativas ás vendas a distancia de bens e a certas entregas nacionais de bens.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílitate a persoa titular do Ministerio de Facenda para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xullo de 2021.

Dado en Madrid o 15 de xuño de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO